

**Convenio colectivo da empresa José Lijó González y Otros (Buques de arrastre ó fresco - Caladoiro Nacional do Cantábrico-Noroeste)  
(Ano 2001)<sup>1</sup>**

Capítulo I

Ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Ámbito funcional e territorial.

O presente convenio colectivo establece as normas básicas e regula as condicións de traballo nos buques da empresa José Lijó González y Otros, que exercen a súa actividade no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste e teñen o seu porto base en Ribeira (provincia da Coruña).

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

O presente convenio afecta tódolos traballadores, tanto fixos como eventuais, embarcados nos buques Gloria Tomás e Pesqueiro Lijó ou calquera outro que durante a vixencia do convenio poida ser adquirido e explotado pola empresa, así como os traballadores que ingresen neles durante o período de vixencia.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa publicación no DOG e manterá a súa vixencia ata o 31-12-2001.

Ó termo da vixencia temporal do presente convenio, e en canto non se substitúa por un novo, quedará vixente o contido normativo del.

A denuncia por calquera das partes asinantes deste convenio deberase formalizar por escrito ante a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, dando simultaneamente traslado dela á outra parte; establécese o prazo dun mes antes da finalización da vixencia do convenio para a súa formulación.

Artigo 4º.-Compensación e absorción.

Respectaranse a título individual ou colectivo as condicións económicas e de calquera outra clase que fosen máis beneficiosas que as establecidas no presente convenio, consideradas no seu conxunto e en cómputo anual.

Considerando a natureza do convenio, as disposicións legais futuras que impliquen variación económica en todos ou en algún dos conceptos retributivos unicamente terán eficacia práctica se, globalmente consideradas e sumadas ás vixentes con anterioridade ó convenio, superan o nivel total desta.

En caso contrario, consideraranse absorbidas polas melloras pactadas.

Artigo 5º.-Vinculación á totalidade.

As condicións aquí pactadas forman un todo orgánico e indivisible e para efectos da súa aplicación práctica serán consideradas globalmente.

Capítulo II

Comisión paritaria

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

Constitúese unha comisión paritaria de administración, interpretación e vixilancia do cumprimento do vixente convenio. Quedará formada por un representante dos traballadores e un do empresario, que serán designados pola comisión negociadora de entre os asinantes do presente convenio. A comisión así constituída, de non mediar denuncia expresa, terá o mesmo alcance temporal que o convenio.

A comisión reunirse por requirimento de calquera das partes, e como mínimo unha vez cada

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 66, do 3 de abril de 2001.

seis meses. Ás reunións da comisión poderán asistir, con voz pero sen voto, os asesores de ámbalas representacións.

Os asuntos sometidos á comisión paritaria, que deberán inescusablemente ser presentados ou avalados por algunha das partes integrantes dela, revestirán o carácter de ordinario ou extraordinario, a xuízo da propia comisión. No primeiro suposto, a comisión deberá resolver no prazo de trinta días, e no segundo o prazo será de dez. En todo caso, os acordos que adopten requirirán a unanimidade dos seus compoñentes.

Determinanse como funcións fundamentais da comisión:

1. Administración e interpretación do convenio.
2. Vixilancia e control do cumprimento do convenio.
3. Recepción e distribución de informes sobre as materias que interesen ó sector; análise da situación económica, produtividade, emprego formación profesional, etc.

### Capítulo III

#### Organización do traballo

Artigo 7º.-Norma xeral.

A organización do traballo, conforme o previsto neste convenio, corresponde exclusivamente ó empresario ou armador e, no seu nome, como máxima autoridade no que afecta o persoal embarcado, ó que exerza o mando no buque, quen a levará a cabo a través do exercicio regular das súas facultades de organización económica e técnica, dirección e control do traballo e das ordes necesarias para a realización das actividades laborais correspondentes.

Artigo 8º.-A organización do traballo e a súa extensión.

A organización do traballo estenderase entre outras, ás cuestións seguintes:

- 1º Dirección e control dos traballos que efectúe a tripulación a bordo, en porto e no mar.
- 2º A determinación dos elementos necesarios (utensilios e tarefas) para que o tripulante poida atinxir-lo rendemento adecuado á categoría profesional que desempeñe.
- 3º A esixencia de vixilancia, atención e dilixencia no coidado da maquinaria, instalacións e utensilios encomendados ó tripulante.
- 4º Todas aquelas tarefas que impliquen exercicio de mando.

Artigo 9º.-Cumprimento de ordes a bordo.

O persoal de a bordo, calquera que sexa a categoría ou departamento a que estea adscrito, haberá de cumprir cantos servicios lle sexan ordenados polo armador ou polos seus lexítimos representantes, por conducto do capitán ou patrón, relativos ós traballos relacionados coa navegación ou coa misión asignada a cada departamento.

En situacións que afecten de modo directo a seguranza das vidas humanas ou a de evitar que se deteriore a pesca, previr males inminentes ou remediar accidentes sufridos, os tripulantes deberán, mentres persistan as causas que as orixinen, cumprir-las instrucións dadas polo responsable do buque, así como realiza-los traballos necesarios, inda que fosen distintos dos pactados en contrato de traballo.

### Capítulo IV

#### Clasificación profesional

Artigo 10º.-Clasificación profesional.

Os traballadores afectados polo presente convenio, en atención ás funcións que desenvolvan e de acordo coas definicións que se especifican nos artigos seguintes, serán clasificados en grupos e, pola súa vez, en categorías profesionais.

Artigo 11º.-Grupos profesionais.

O persoal incluído no ámbito de aplicación do presente convenio queda clasificado nos seguintes grupos:

Grupo I.-Titulados.

Pertencen a este grupo os traballadores que para o desempeño das súas tarefas profesionais precisan posuí-lo título correspondente, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ou pola Secretaría Xeral de Pesca Marítima.

#### Grupo II.-Mestranza.

Están integrados neste grupo todos aqueles traballadores que exerzan funcións a bordo que precisan dispor dunha notoria competencia práctica ou especialización.

#### Grupo III.-Subalternos.

Está constituído polos tripulantes que desempeñan a bordo traballos que requiren particulares coñecementos, sen chegar ós esixidos para a mestranza.

#### Artigo 12º.-Enumeración das categorías profesionais.

A enumeración das categorías profesionais que contén o presente artigo é meramente enunciativa e non supón a obriga de ter cubertas en tódolos casos as prazas indicadas se non o esixise o cadro indicador.

Por outra parte, non se trata dunha lista cerrada, xa que debe estar aberta co fin de seren incluídas, substituídas ou suprimidas aquelas categorías profesionais que, ben por disposicións futuras emanadas dos órganos competentes, ben por acordo das partes asinantes do presente convenio, se establezan no futuro.

#### Artigo 13º.-Categorías profesionais: definicións.

##### 1. Titulados.

##### 1.1. Ponte e cuberta.

##### 1.1.A. Patrón de pesca de altura con mando.

É o que, en posesión do título correspondente, exerce o mando de buques de ata 700 TRB, dentro dos límites para os cales o faculta o seu título.

##### 1.1.B. Patrón de pesca de altura sen mando.

É o que, en posesión do título, exerce as funcións de 2º patrón.

##### 1.1.C. Patrón de 1ª clase de pesca de litoral con mando.

É o que, en posesión do título correspondente, exerce o mando en buques de ata 200 TRB, dentro dos límites para os que o faculta o seu título.

##### 1.1.D. Patrón de 1ª clase de pesca de litoral sen mando.

É o que, en posesión do correspondente título, exerce as funcións de segundo patrón.

##### 1.1.E. Patrón de 2ª clase de pesca de litoral con mando.

É o que, en posesión do título correspondente, exerce o mando de buques de ata 75 TRB, dentro dos límites para os que o faculta o seu título.

##### 1.1.F. Patrón de 2ª clase de pesca de litoral sen mando.

É o que, co correspondente título, exerce as funcións de 2º patrón.

Calquera das titulacións de ponte enumeradas no presente artigo, independentemente de su rango, poderá desempeña-la condición de patrón ou técnico de pesca.

O patrón ou técnico de pesca é o que exerce as funcións de mando efectivo sobre os traballos de pesca e tripulación para os efectos laborais.

##### 1.2. Máquinas.

##### 1.2.A. Mecánico naval maior con mando.

É o que, en posesión do correspondente título, desempeña o cargo de xefe de máquinas en buques de potencia de ata 3.000 kW ou 6.076 CV.

##### 1.2.B. Mecánico naval maior sen mando.

É o que, co correspondente título, exerce as funcións de mecánico en calquera tipo de buques.

##### 1.2.C. Mecánico naval de 1ª clase con mando.

É o que, en posesión do correspondente título, desempeña o cargo de xefe de máquinas en barcos de ata 1.100 kW ou 1.495 CV.

##### 1.2.D. Mecánico naval de 1ª clase sen mando.

É o que, co correspondente título, exerce as funcións de mecánico en calquera tipo de buque.

##### 1.2.E. Mecánico naval de 2ª clase sen mando.

É o que, co correspondente título, pode desempeña-lo cargo de xefe de máquinas en barcos de ata 400 kW ou 544 CV.

#### 1.2.F. Mecánico naval de 2ª clase sen mando.

É o que, co correspondente título, exerce as funcións de mecánico en buques de calquera sistema de propulsión nos que a súa xefatura de máquinas corresponda a mecánico naval maior, de primeira ou segunda clase.

#### 2. Mestranza.

##### 2.1. Contramestre:

É o tripulante experimentado nas tarefas mariñeiras que, baixo as ordes do capitán ou patrón actúa como xefe directo da mariñeiría e persoal de cuberta e, como tal, dispón de acordo coas instrucións recibidas, os pormenores para a realización dos traballos mecánicos de a bordo que corresponden á sección de cuberta, repartindo equitativamente as tarefas e vixiando persoalmente a rápida e exacta execución das ordes polos especialistas que del dependan.

##### 2.2. Cociñeiro:

É o encargado de preparar, condimentar, conservar e manipular en óptimas condicións de hixiene, os alimentos da dotación do buque e debe administrar e conseguir un adecuado rendemento dos víveres e demais artigos que se lle entreguen ou que se adquiran para a súa condimentación. Deberá procurar, en todo momento, proporcionar á tripulación unha dieta sa e equilibrada, así como mante-los utensilios de traballo e o departamento de que é responsable en perfecto estado de limpeza e hixiene.

#### 3. Subalerno.

##### 3.1. Técnico de pesca:

É o mariñeiro especialista en posesión do certificado de competencia correspondente dedicado ás faenas de mar e que, polos seus coñecementos na pesca e manexo das artes ou aparellos, se denominan de oficio pescador e teñen naturalmente os coñecementos indispensables para a navegación e demais tarefas propias a bordo dos buques.

##### 3.2. Mariñeiro:

É o que posúe os coñecementos indispensables para a navegación e tarefas propias da pesca, así como para o manexo das artes e aparellos.

##### 3.3. Engraxador:

É o que efectúa as faenas de engraxamento de máquinas e motores do buque e as operacións, complementarias ou auxiliares, que lle ordenen os seus superiores do departamento de máquinas.

### Capítulo V

#### Ingresos, período de proba, servizo médico, cesamentos voluntarios

Artigo 14º.-Condicións de ingreso e período de proba.

1. Todo o persoal que pretenda ingresar nesta empresa pesqueira precisa:

- a) Estar en posesión do caderno de inscrición marítima.
- b) Aptitude legal ou convencional para a categoría e especialidade á que aspire.
- c) Título, certificado de competencia ou nomeamento correspondente cando isto sexa necesario.

2. O ingreso dos traballadores considerarase feito a título de proba se así consta por escrito. Este período será variable conforme a función que o traballador realice e non poderá ser superior ó que a continuación se establece:

- a) Oficiais e titulados: tres meses.
- b) Mestranza e subalternos: dous meses.

Durante o período de proba, a empresa e o traballador poderán resolve-lo contrato de traballo sen prazo previsto de aviso previo, sen dereito a indemnización ningunha e sen que se deba cumprir outra formalidade máis que a simple notificación do desexo de desistir manifestado por unha parte á outra.

Transcorrido o período de proba sen que se producise desistencia, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador na empresa.

Artigo 15º.-Contrato de embarque. Esixencia do contrato. Cláusulas. Requisitos formais. Deberán figurar en contrato individual as condicións de traballo do tripulante enrolado,

indicando concretamente os seus dereitos e obrigas. Os mencionados documentos axustaranse ós modelos oficiais que establecen as disposicións vixentes en materia de contratación e emprego.

Sen prexuízo daqueles outros que se consideren oportunos, os mencionados contratos deberán incluí-los seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do tripulante, data de nacemento, enderezo e nº do DNI.
- b) Lugar e data da sinatura do contrato.
- c) Nome do barco ou barcos de pesca no cal ou nos cales se compromete a prestar servizo o traballador.
- d) Cando se trate de persoal interino, expresión do nome, apelidos e posto do tripulante a quen substitúe e a causa da substitución, así como a duración do contrato.
- e) Categoría que vai desempeña-lo traballador.
- f) Lugar e data na que o traballador está obrigado a se presentar a bordo do barco para comezar os seus servizos profesionais.
- g) Salario: segundo convenio.
- h) Se o contrato é por duración definida, data de finalización. Os contratos de embarque emitíranse por quintuplicado, asinándoos os tripulantes e o armador do buque de pesca ou o seu representante legal. As empresas están obrigadas a presentar na oficina de emprego do Instituto Social da Mariña, para o seu visado ou rexistro, aqueles contratos que teñan que cumprir este requisito en virtude das normas legais e regulamentarias.

#### Artigo 16º.-Cartilla de inscrición marítima.

Todo tripulante ó ser enrolado entregará a cartilla de inscrición marítima a quen exerza o mando do buque, que a conservará no seu poder ata o momento en que aquel, debidamente autorizado, desembarque. Unha vez efectuado o trámite de desenrole, debidamente legalizado pola autoridade correspondente do porto ou do consulado, o patrón do buque ou o representante do armador, estarán obrigados a entrega-la cartilla ó tripulante.

Caso de o tripulante abandona-lo buque, o capitán ou patrón con mando do buque entregalle a cartilla daquel, débitos producidos e obxectos persoais, se os houber, á autoridade correspondente ou ó cónsul español do porto nacional ou estranxeiro en que se produza o feito, ou do primeiro de arribada no que existan estas autoridades, e a súa oficina remitiráa ó porto de embarque do tripulante, sendo pola conta deste os gastos orixinados polo envío.

Na citada cartilla non poderá figurar ningunha nota relativa á apreciación da calidade do traballo do pescador nin indicación do seu salario, así como tampouco o desenrole por vontade deste sen a súa conformidade escrita e, de non constar esta, terase por non posta tal cláusula.

#### Artigo 17º.-Recoñecemento médico e certificado de aptitude.

1. Non poderá celebrar contrato de embarco, nin por conseguinte ser enrolado nunha embarcación pesqueira, quen no momento de celebrar aquel ou de se enrolar, non se encontre en posesión do correspondente certificado médico, con vixencia nesa data, anotado na súa cartilla de inscrición marítima, practicado e autorizado polos servizos sanitarios do Instituto Social da Mariña, de acordo coas normas contidas nas disposicións legais.

2. O certificado médico de aptitude para o traballo a bordo de embarcacións pesqueiras a que se refire o parágrafo anterior implica en todo caso:

- a) Que o tripulante ten a capacidade psicofísica necesaria para traballar a bordo de embarcacións pesqueiras.
- b) Que non sofre ningunha enfermidade que se poida agravar co servizo no mar.
- c) Que non padece enfermidade que constitúa un perigo para a saúde das demais persoas a bordo.

Se o traballador recoñecido fose en xeral apto para o traballo do mar, exceptuando algunhas tarefas concretas, expresárase no certificado para cales é que carece de aptitude e non poderá ser contratado para postos que esixan a aptitude de que carece.

3. O tempo de vixencia do certificado médico será determinado, en cada caso, polo facultativo encargado do centro onde se realice o recoñecemento, en función do grao de saúde física e mental do recoñecido, da súa idade e da clase de traballo que se vaia efectuar. Se a vixencia

deste expírase encontrándose o buque no mar, o certificado seguirá sendo válido ata o regreso da embarcación a porto español e desenrole efectivo.

4. Nos casos en que fose negado un certificado polo centro correspondente ou que o mesmo fose contrario ós intereses do tripulante, este poderá recorrer ante a Inspección Provincial de Servicios Sanitarios que corresponda ó Instituto Social da Mariña e contra a resolución desta ante a Inspección Xeral de Servicios Sanitarios do dito organismo.

## Capítulo VI

### Postos de traballo e ascensos

Artigo 18º.-Cambio de destino ou función.

Dentro do mesmo barco o persoal enrolado de mestranza ou subalterno poderá solicitar do armador, e este poderá acceder ou non, o cambio de destino ou función, sempre que se trate de análoga categoría, inda que sexa de distinta especialidade e sempre que o que aspira a ese cambio reúna a aptitude necesaria para o novo destino e se funde en motivo xustificado.

Caso de o armador acepta-lo cambio de destino ou función solicitado polo tripulante, este pasará a percibi-lo salario correspondente á súa nova categoría, ben que conservando os beneficios dos seus anos de servicio na empresa.

O disposto neste artigo e no seguinte en nada afecta aqueles casos de urxente necesidade para a seguranza da nave, en que os tripulantes poderán ser destinados a calquera servicio para realizar a misión que o capitán ou patrón lles encomende, sen que se poida esixi-lo pagamento de diferenza de salarios por traballos de categoría superior nin considerar como vexatorios aqueloutros inferiores que as circunstancias impoñan.

Artigo 19º.-Traballos de maior e menor categoría.

Tódolos membros da tripulación, calquera que sexa a súa categoría e titulación, colaborarán nos labores de pesca para a segura e eficaz realización deles, de acordo co criterio e baixo as ordes de quen teña o mando do buque.

Artigo 20º.-Traballos con capacidade diminuída.

A empresa procurará destinar a traballos adecuados ás súas condicións físicas, caso de existir posto dispoñible, o persoal con capacidade diminuída pola idade, enfermidade que o incapacite para o traballo no mar ou outras circunstancias.

Os postos de traballo de chaboleiro, almaceneiro, garda e, en xeral, cargos de terra, daranse na medida do posible ó persoal ó cal se refire este artigo a pesar de non estaren comprendidos nas categorías profesionais deste convenio e sempre que reúnan os coñecementos necesarios para o traballo que teñen que realizar e a competencia profesional adecuada.

Artigo 21º.-Comisión de servicio.

Entenderase por comisión de servicio a misión ou encargos especiais que circunstancialmente sexan desempeñados fóra do barco en que figure enrolado o tripulante, sen que os transbordos ou desenroles que con tal motivo se produzan deban estar incluídos nos transbordos incluídos neste capítulo.

Artigo 22º.-Cambio de base, bandeira ou paralización definitiva.

No suposto de que a dirección da empresa decida cambia-la base do buque ou de bandeira mediante exportación, ou cesa-la actividade a través de paralización definitiva por cesamento da actividade, aquela deberá tramita-lo correspondente expediente de regulación de emprego ante a autoridade laboral, ó abeiro do artigo 40 do Estatuto dos traballadores para o caso de cambio de base, ou do artigo 52 do dito texto legal se se trata de paralización definitiva ou exportación.

Artigo 23º.-Ascensos.

As vacantes de posto de traballo que impliquen mando ou cargo de confianza cubriranse polo sistema de libre designación feita polo armador, que procurará que as provisións delas se leven a efecto, se for posible, con persoal cualificado da propia empresa.

Cando se produza unha vacante que non implique mando, cubrirase co persoal fixo da empresa que reúna as condicións legais necesarias para poder desempeñala.

Antes de consolidar definitivamente a categoría superior, o persoal ascendido poderá ser sometido ó período de proba previsto no artigo 14 deste convenio; se o traballador non superase o período de proba, terá dereito a ser restituído ó seu anterior posto de traballo, coa categoría e salarios anteriores.

## Capítulo VII Formación profesional

Artigo 24º.-Formación profesional e cooperación empresarial.

As partes asinantes do presente convenio coinciden na carencia dunha formación profesional que permita prepara-los traballadores para os achegar e os adaptar ás novas necesidades do sector pesqueiro. Co obxectivo de fomentala de acordo coas necesidades do sector, empresas e sindicatos cooperarán conxuntamente ante os organismos competentes co fin de dar a coñece-las necesidades reais na materia.

Para estes efectos, as partes asinantes cren conveniente:

- Realizar e propor estudos ós organismos competentes sobre as necesidades que en materia de formación precisa o sector neste momento.
- Realizar estudos de carácter prospectivo respecto das necesidades futuras de cualificación de man de obra no sector.

Artigo 25º.-Obriga e mando do buque.

Será especial obriga dos patróns con mando dedicar unha constante atención ós fins de formación e perfeccionamento do persoal ó servicio do buque, e para tal efecto terán en conta as seguintes prescricións:

1. Non deberá admitirse, para traballar a bordo dos barcos de pesca, a quen non posúa o certificado de aptitude profesional expedido de acordo coas disposicións vixentes.
2. Prestarase unha atención preferente a espallar entre a tripulación o coñecemento detallado e completo das novas instalacións, dispositivos ou aparellos que se implanten na navegación e na pesca.
3. Dar certificado de valía e conducta ó tripulante que o solicite ó seu desembarco. Estes certificados non se limitarán a acredita-la capacidade e competencia do tripulante dentro da súa especialidade, senón tamén a de que posúe os coñecementos mínimos indispensables que a pesca e a navegación requiren e, especialmente, o que as manobras do material de salvamento esixen.

## Capítulo VIII Tempo de traballo, descansos, vacacións, licencias e excedencias

Artigo 26º.-Xornada, horario e quendas de traballo.

Fíxase unha xornada semanal de corenta horas de traballo efectivo en cómputo anual, que se desenvolverá de luns a venres.

Considerarase como tempo de traballo efectivo aquel durante o cal a dotación do buque se encontra ó dispor do empresario e no exercicio da súa actividade habitual.

Será facultade privativa do patrón con mando no buque a organización das quendas e revezamentos, así como cambialos cando o traballo o esixa, coas limitacións legais fixadas no presente convenio e nas disposicións legais vixentes. Considerarase como tempo de descanso no mar aquel en que o persoal está libre de todo servicio.

Artigo 27º.-Cómputo de día de descanso.

Como período de descanso computarase todo aquel período de polo menos 24 horas consecutivas, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que durante o mencionado período se estea exento de prestar servicio ningún.
2. Que se poida permanecer en terra ininterrompidamente durante o período de tempo antes

mencionado.

#### Artigo 28º.-Desfrute e acumulación de descansos.

O seu desfrute é obrigatorio para toda a dotación do buque.

Os descansos non desfrutados e xerados nos ciclos de traballo poderanse acumular para o seu desfrute total ou parcial, entre outros, nos períodos seguintes:

1. Cando o buque teña que efectuar unha permanencia prolongada en porto por reparacións ou outras causas, ou á finalización de cada campaña.
2. Engadíndoos ás vacacións de campaña que correspondan a cada traballador.

Os representantes dos traballadores e os armadores pactarán en contrato de traballo, se se acorda individualmente ou en acta que se levantará para tal efecto se se realiza colectivamente por buque, os períodos máis idóneos de acumulación de descansos non desfrutados para o seu desfrute.

Tendo en conta as especiais e singulares características da actividade pesqueira, tanto o inicio como a finalización do desfrute dos períodos de descansos acumulados deberán ser flexibles.

#### Artigo 29º.-Vacacións.

Os tripulantes afectados polo presente convenio terán unhas vacacións anuais retribuídas e non compensables economicamente de 30 días naturais que poderán partirse segundo as necesidades da actividade.

Sen prexuízo dos acordos que poidan alcanza-los armadores e os tripulantes para o desfrute das vacacións anuais, deberanse ter en conta os seguintes puntos:

1. Debido á natureza e ás limitacións da actividade, poderase establecer un sistema rotatorio.
2. Non hai posibilidade de establecer calendario anual de vacacións. As vacacións poderán ser partidas e para o seu cómputo teranse en conta os de varada do buque.

#### Artigo 30º.-Licencias e permisos.

O tripulante, precedendo aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo polo tempo e polos motivos seguintes:

1. 15 días naturais para casar.
  2. A duración doutras licencias baseadas en razóns de índole familiar consideraranse de acordo coas seguintes normas:
    - a) 2 días en caso de falecemento do cónxuxe, fillos ou pais, ampliables a 4 días por razón da distancia.
    - b) 2 días, por nacemento de fillo, intervención cirúrxica ou enfermidade grave do cónxuxe ou fillos, falecemento de irmáns, avós ou pais políticos. No suposto de enfermidade grave, a empresa reservarase para si o dereito de valora-la súa gravidade.
  3. As licencias para o cumprimento de deberes públicos terán a duración máxima e a retribución económica que en cada caso fixen as disposicións legais que lles sexan aplicables.
  4. As licencias para a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento profesional, de carácter oficial ou homologados, terán a duración máxima en cada caso pola que teña fixada o curso que pretenda realizar.
  5. Licencias non retribuídas por asuntos propios. A concesión destas licencias estará subordinada ós intereses da empresa.
  6. Cando concorran dúas ou máis circunstancias que dean dereito a licencias de distinta natureza, o traballador terá que optar por unha delas, sen que proceda a súa acumulación.
- No non expresamente regulado neste artigo ámbalas partes remítense ó artigo 37 do Estatuto dos traballadores.

#### Artigo 31º.-Remuneración e gastos de desprazamento.

Durante o tempo de duración das licencias a que se refiren os puntos 1º e 2º do artigo anterior, o traballador terá dereito a ser remunerado a razón do salario mínimo interprofesional.

Os gastos de desprazamento que se produzan con motivo das licencias serán pola conta do interesado.

Artigo 32º.-Excedencia.

A excedencia pode ser voluntaria ou forzosa. Para os efectos da determinación do seu concepto, condicións de gozo e demais normas aplicables, observárase o disposto no artigo 46 do vixente Estatuto dos traballadores.

## Capítulo IX

### Réxime retributivo

Artigo 33º.-Percepcións económicas.

1. Complemento de días de mar.

Percibirao cada traballador que asista ó traballo por cada día de navegación efectiva do buque con prestación de servizos a razón de 3.000 ptas./día traballado.

2. Complemento de noite traballada.

Establécese un complemento de 1.000 ptas. por noite traballada, que percibirá cada traballador que traballe efectivamente e de forma continuada, sen descanso en terra entre xornadas.

3. Prima de pesca.

Consistirá nunha cantidade que percibirá cada traballador en función da súa categoría profesional e de acordo coas porcentaxes aplicables sobre o importe bruto da pesca enumerados a seguir.

I. Patrón de pesca: 5%.

II. Patrón de costa: 1,2%.

III. Xefe de máquinas: 1,2%.

IV. Segundo maquinista: 0,8%.

V. Cocinheiro: 0,8%.

VI. Contramestre: 0,8%.

VII. Mariñeiro: 0,6%.

Considérase importe bruto a cantidade percibida pola venda da pesca en lonxa, subtraídos os gastos de venda (comisións e porcentaxes de lonxa).

Nas anteriores cantidades inclúense as pagas extraordinarias rateadas.

No período de vacacións o traballador percibirá o salario mínimo interprofesional vixente.

4. Salario mensual garantido.

Cando a suma en cómputo mensual de tódalas retribucións antes citadas non alcance, cando menos, o salario mínimo interprofesional vixente en cómputo mensual, a empresa complementará as retribucións satisfeitas ata completar como mínimo a referida contía.

5. Salario anual garantido.

Cando a suma en cómputo anual de tódalas retribucións antes citadas non alcance cando menos o salario mínimo interprofesional vixente en cómputo anual, a empresa complementará as retribucións satisfeitas ata completar como mínimo a referida contía. O referido complemento aboaráse, nos casos en que corresponda, durante o mes de xaneiro seguinte á finalización de cada ano natural e será percibido polos traballadores en alta na empresa no 31 de decembro anterior e en proporción ó seu período de permanencia nela durante o ano natural computado.

## Capítulo X

### Réxime disciplinario, faltas e sancións

Artigo 34º.-Facultade para sancionar.

Os traballadores poderán ser sancionados pola dirección da empresa de acordo coa graduación de faltas e sancións que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 35º.-Clasificación das faltas.

Toda falta cometida por un traballador clasificarase, atendendo á súa importancia, transcendencia e intención, en leve, grave ou moi grave.

Artigo 36º.-Faltas leves.

Consideráranse faltas leves as seguintes:

1. As de erro, demora ou negligencia na execución de calquera traballo que non produza perturbación no servizo encomendado.
2. As de puntualidade inferior a quince minutos, sempre que do atraso non derive prexuízo para o servizo que teña de prestar, caso en que terá a consideración de falta grave.
3. Abandona-lo traballo sen motivo xustificado, inda que sexa por breve tempo. Se como consecuencia diso se organizase prexuízo dalgunha consideración para a empresa ou fose causa de accidente dos seus compañeiros de traballo, esta falta será considerada como grave ou moi grave, segundo os casos.
4. As discusións cos compañeiros de traballo. Se tales discusións quebrasen a orde e a disciplina do persoal do buque, poderán ser consideradas como falta grave.
5. Pequenos descoidos na conservación dos materiais, utensilios e ferramentas que o tripulante teña ó seu cargo.
6. Falta de aseo ou limpeza persoal que non produza queixa dos compañeiros de traballo.
7. Faltar ó traballo un día ó mes sen causa xustificada.

#### Artigo 37º.-Faltas graves.

Consideraranse faltas graves as seguintes:

1. Máis de tres faltas de puntualidade na presentación no posto de traballo non xustificadas e cometidas no período de dous meses. Bastará unha soa falta cando tivese que revezar un compañeiro ou cando, como consecuencia dela, se causase prexuízo dalgunha consideración á empresa.
2. Faltar dun a tres días ó traballo durante un período de trinta días sen causa que o xustifique. Bastará unha soa falta cando tivese que revezar un compañeiro ou cando, como consecuencia dela, se causase prexuízo dalgunha consideración á empresa.
3. Non comunicar coa puntualidade debida os cambios experimentados na familia que poidan afecta-la Seguridade Social ou as retencións sobre salarios que se deban practicar para o seu posterior ingreso na Delegación de Facenda correspondente. Tanto a falta como o falseamento malicioso destes datos consideraranse como falta laboral moi grave.
4. Non comunica-lo cambio de domicilio que experimente un traballador nun prazo de trinta días desde que aquel se produciu, de acharse este embarcado, ou de quince días de acharse en terra.
5. Entregarse a xogos ou distraccións estando de servizo.
6. Neglixencia ou descoido no traballo que afecte a súa boa marcha.
7. A imprudencia grave en actos de servizo, se implicase risco de accidente para el ou para os seus compañeiros ou perigo de avaría para as instalacións, poderá ser considerada como falta moi grave.
8. Ausentarse do buque, non achándose de servizo, sen permiso do xefe correspondente.
9. A mera desobediencia ós seus superiores en calquera materia de servizo, incluída a resistencia e obstrución a novos métodos de traballo. Se implicase quebranto manifesto da disciplina ou dela se derivase prexuízo para a empresa ou para os compañeiros de traballo, poderá ser considerada como falta moi grave.
10. As faltas de aseo e limpeza que produzan queixas xustificadas dos compañeiros de traballo.
11. A repetición de faltas leves dentro dun semestre aínda que sexan de distinta natureza.

#### Artigo 38º.-Faltas moi graves.

Consideraranse faltas moi graves as seguintes:

1. Máis de dez faltas non xustificadas de puntualidade cometidas nun período de catro meses, ou vinte en oito meses.
2. As faltas inxustificadas ó traballo durante tres días consecutivos ou cinco alternos nun período dun mes.
3. A ausencia de a bordo, non estando franco de servizo, sen permiso do xefe respectivo, así como o abandono da garda.
4. Non cumprir-la orde de embarque, cando mediase o preceptivo aviso, sen causa grave que o xustifique.
5. Quedar en terra pola súa culpa ó saí-lo barco ó mar, cando este non parta antes da hora

- anunciada, sen prexuízo do dereito que asiste o armador de esixir como indemnización o resarcimento dos danos e perdas conseguintes.
6. A diminución voluntaria e continuada no rendemento normal do traballo.
  7. A reincidencia en faltas de insubordinación ou disciplina no cumprimento do servizo, considerándose como tal a negativa a efectua-lo traballo ordenado, calquera que sexa a natureza deste e a hora en que se deba realizar.
  8. Causar accidentes graves por negligencia ou imprudencia inescusable.
  9. A continuada e habitual falta de aseo e limpeza, de tal índole que produza queixas xustificadas de sus compañeiros de traballo.
  10. A embriaguez e o estado derivado do consumo de drogas durante o traballo.
  11. Viola-lo segredo da correspondencia ou documentos reservados da empresa ou dos seus compañeiros de traballo, así como revelar, a elementos estraños ó armador, datos de reserva obrigada.
  12. A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto ou roubo, tanto ós seus compañeiros de traballo como á empresa ou a calquera outra persoa dentro das dependencias da empresa ou durante o traballo en calquera outro lugar.
  13. O contrabando de mercadorías, divisas ou produtos intervidos, aínda cando pola súa natureza ou as circunstancias que concorran, non chegue a constituír delicto ou falta sancionable na lexislación vixente sobre a materia.
  14. O cociñeiro que non desempeñe a súa misión coa lealdade e atención que o cargo require, ocasionándolle con isto prexuízo ó persoal embarcado.
  15. Facer desaparecer, inutilizar, esnaquizar ou causar desperfectos en materiais e utensilios, ferramentas, aparellos, instalación da pesca que se transporte, obxectos e documentos da empresa.
  16. A ocultación maliciosa de erros propios que causen prexuízos ó buque, ó armador ou ós compañeiros e a ocultación ó xefe respectivo dos atrasos producidos no traballo, causante de danos graves.
  17. Non dar conta inmediata ó xefe do buque de calquera avaría ou accidente que ocorra no aparato motor ou cámaras de conxelación, ou en calquera outro servizo do barco ou aparellos de pesca, así como non lle comunicar coa debida frecuencia o consumo e existencias de combustible, materiais lubricantes e auga doce.
  18. Os malos tratos de palabra ou obra, abuso de autoridade ou falta grave de respecto e consideración para cos seus xefes ou os seus familiares, así como cos seus compañeiros e subordinados.
  19. A reincidencia en falta grave, aínda que sexa de distinta natureza, sempre que se cometan no período dun semestre e fosen sancionadas.

#### Artigo 39º.-Réxime sancionador.

Corresponde á empresa a facultade de impor sancións nos termos do estipulado no presente convenio.

A sanción de faltas graves e moi graves requirirá comunicación por escrito tanto ó traballador como ós representantes dos traballadores, facendo consta-la data e os feitos que a motivaron. Imposta a sanción, o cumprimento dela poderase dilatar ata seis meses despois da data de imposición.

#### Artigo 40º.-Sancións.

As sancións máximas que se poderán impor ós que incorran nas faltas serán as seguintes:

- a) Por faltas leves:
  - Amoestación verbal.
  - Amoestación por escrito.
  - Suspensión de emprego e soldo dun ou dous días.
- b) Por faltas graves:
  - Amoestación por escrito.
  - Suspensión de emprego e soldo de tres a sesenta días.
- c) Por faltas moi graves:

-Suspensión de emprego e soldo de sesenta e un días a cento vinte días.  
-Despedimento.

Artigo 41º.-Prescrición.

Faltas leves: dez días.

Faltas graves: vinte días.

Faltas moi graves: sesenta días.

Todas elas a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, ós seis meses de se cometer.

## Capítulo XI

### Seguridade e hixiene

Artigo 42º.-Obrigas xerais.

É obriga xeral cumprir as disposicións en materia de seguridade e hixiene no traballo que fosen de pertinente aplicación nos barcos e demais centros de traballo da empresa, segundo a lexislación nacional, por razón das actividades laborais que neles se realicen e, especialmente, o disposto nos convenios da Organización Internacional do Traballo sobre seguridade da vida humana no mar.